

O neno suicida¹

Cando o taberneiro rematou de ler aquela nova inqueda —un neno suicidárase dun disparo na sen dereita—, falou o vagabundo descoñecido, que acababa de xantar nun curruncho da tasca mariñeira, e dixo:

- Eu sei a historia dese neno.

Pronunciou a palabra *nen* dun xeito moi particular. Así que os catro bebedores de augardente, os cinco de albariño e o taberneiro calaron e escoitaron con xesto atento.

- Eu sei a historia dese neno —repetiu o vagabundo—. E, tras dunha ben medida pausa, comezou:

- Alá polo mil oitocentos trinta, unha beata viu saír do camposanto florido da súa aldea a un vello moi vello nu. Aquel vello era un acabado de nacer. Antes de saír do ventre da terra nai, escollera el mesmo ese xeito de nacemento. “Mellor ir de vello para mozo que de mozo para vello!”, pensou sendo espírito puro. Ao Noso Señor chocoulle a idea. Por que non facer a proba? Así foi que, co seu consentimento, formouse no seo da terra un esqueleto. E despois, con carne de verme, fíxose a carne do home. E na carne do home aformigou a calor do sangue. E, como todo estaba listo, a terra-nai pariu. Pariu un vello nu.

De como despois o vello atopou roupa e mantenza é cousa de moita risa. Chegou ás portas da cidade e, como aínda non sabía falar, os ministros, despois de lle botaren unha capa enriba, levárono diante do xuíz: “aquí lle traemos a este pobre vello que perdeu a fala coa tunda que lle deron uns ladróns. Nin roupa lle deixaron”.

O xuíz deu ordes e o vello foi levado a un hospital. Cando saíu, xa ben vestido e mantido, dicíanlle as monxiñas: “vai feito un bo mozo, ata parece que perdeu anos”.

Daquela xa aprendera a falar algo e fíxose esmoleiro. Así andou moitas terras. Alá en Lourdes estivo dúas veces; da segunda vez tan amozado que, os que o coñeceran da primeira, coidaron que fora milagre da Virxe.

¹ Relato presente na obra *Dos arquivos do trasno* (1926), de Rafael Dieste. Texto adaptado e normativizado para unha mellor comprensión.

Cando adquiriu experiencia pensou que o mellor era manter secreta aquela estraña condición que o facía máis mozo cantos máis anos corresen. Así, non o sabendo ninguén —non sendo un ou dous amigos fieis—, podería vivir mellor a súa verdadeira vida.

Traballou de vello e fíxose rico para folgar de mozo. Dos cincuenta aos quince anos a súa vida foi a máis feliz que se pode imaxinar. Cada día gustaba máis ás mozas e andou enleado con moitas e coas máis bonitas. E ata disque unha princesa... pero diso non estou certo.

Cando chegou a neno comezou a vida a se lle complicar. Dáballe medo a sorpresa coa que o vían entrar tan libre nas tendas a mercar lambetadas e xoguetes. Algún ladrón seguiu ao longo de moitas rúas. E algunha vez comeu as súas lambetadas tremendo de angustia, coas bágoas nos ollos e o almibre nos beizos. A derradeira vez que o atopei —tiña el oito anos— andaba moi triste. Pesaban tanto no seu espírito de neno os recordos da súa vellez!

Logo comezou a invadilo día e noite unha obsesión tremenda. Cando pasasen algúns anos, recolleríano en calquera rúa extraviada. Quizais algunha señora rica e sen fillos. Despois... quen sabe o que pasaría despois! A lactancia, os paseos nun carriño, cun axóuxere na man. E ao remate... o remate poñía espanto! Cumprir o seu destino de home que vive ao revés e refuxiarse no seo da señora rica —pode que cando ela durmíse— para ir alí minguando ata volverse primeiro unha sambesuga e despois unha pequenísima semente...

O vagabundo ergueuse moi pensativo, coas mans nos petos, e deu algúns paseíños. Ao final dixo:

- Explícome, si, explícome que se pegase un tiro na sen o pobre rapaz.

Os catro bebedores de augardente crían. Os cinco de albariño sorrían e dubidaban. O taberneiro negaba. Cando todos discutían máis afervoadamente, o taberneiro ergueuse de súpeto nas puntas dos pés e púxose a mirar arredor cos ollos moi abertos. O vagabundo desaparecera sen pagar.